

MUSEO FORTALEZA SAN PAIO DE NARLA

(Rede Museística da Deputación de Lugo)



PROGRAMA DE ACTIVIDADES ESCOLARES CURSO 2018 / 2019

A Rede Museística Provincial, dependente da área de Cultura da Deputación de Lugo, a través dos departamentos de didáctica dos catro museos que a integran (Museo Provincial de Lugo, Museo Fortaleza San Paio de Narla, Museo Provincial do Mar e Museo Pazo de Tor) pon a disposición dos centros escolares a súa nova programación para o curso escolar 2018 / 2019 coa idea de fomentar o achegamento do alumnado ao patrimonio conservado nos nosos museos.

Coa nosa longa experiencia e o apoio de numerosos docentes que participaron nestas actividades en precedentes cursos procuramos tender pontes de colaboración entre diferentes espazos educativos, presentando actividades lúdicas e rigorosas, con contidos que entroncan coas programacións escolares. Para concertar a realización de calquera das actividades que presentamos deberase contactar co Departamento de Didáctica deste Museo.

Para un mellor aproveitamento do Museo Fortaleza San Paio de Narla, e da súa contorna, existe unha variedade e riqueza de contidos, e na procura dun novo concepto de visita máis participativa, didáctica e comunitaria, tamén pretendemos ser un museo sostible, onde imos realizar actividades de investigación, preservación, comunicación e reactivación do patrimonio, co fin de xerar un desenvolvemento local sostible e ao mesmo tempo beneficios para o museo, traballando coas comunidades e realizando proxectos e actividades de preservación activa, exercendo un usufruto responsable dos recursos patrimoniais cos que conta o entorno da Fortaleza de San Paio de Narla.

Edificio + colección + público
territorio + patrimonio + comunidade



Museo sostenible

Museo comunitario

»Visita de iniciación

Nivel: Todos os ciclos.

Obxectivo: comprender que as sociedades actuais están condicionadas polo seu pasado histórico. Recoñecer as ferramentas e analizar a súa evolución e a súa continuidade, así como a necesidade de conservalas para outras xeracións.

»O castelo encantado

Nivel: 1º e 2º ciclo de E. Primario.

Obxectivo: Identificar os distintos estamentos; servos, señorío e cabaleiros mediante os recursos que nos ofrecen as diferentes salas do museo. Analizar como San Paio de Narla é un museo sostible e comunitario.

»Facendo historia (heráldica)

Nivel: 1º e 2º de ESO.

Obxectivo: Fusionar heráldica, historia e sostibilidade, condensándoos nun único concepto para amosar que tras un escudo se agocha moita crónica histórica. Un escudo non é unha peza inerte, ao contrario é unha peza parlante, e iso é o que se tentará facer visible incidindo en que é unha fiestra para ver como era a vida dos homes e mulleres con rango nobiliario do medievo.

»O porvir do pasado

San Paio de Narla é un museo axente para o coñecemento da vida pasada dos devanceiros, museos que deben ser, e son, activos na educación dos nosas xeracións, educando no concepto de sostibilidade e comunidade tan desatendido hoxe en día.

Nivel: ESO e BAC.

Obxectivo: Estudar o paso do tempo no que se desenvolve o señorío de San Paio de Narla, así como as distintas salas, a través da lenda da Cova da Serpe.

»Na lareira

Nivel: E. Infantil, 1º e 2º de E. Primario.

Obxectivo: Visitar a cociña para que o alumnado descubra a transformación que esta dependencia sufriu ao longo do tempo. Compararemos as vellas cociñas e as comidas que nelas se facían coas actuais. O entorno de San Paio proporcionaranos os materiais necesarios para levar a cabo esta actividade e así darémonos conta da importancia de conservar e protexer o noso patrimonio natural e sostible, coñecendo a biosfera do noso entorno (río, árbores, prados, vexetación...)

»A Bela Durminte

Nivel: E. Infantil.

Obxectivo: Empregando como fío condutor o conto da Bela Durminte e aproveitando como recurso os obxectos expostos, nun ambiente, en principio, nada atraínte para un neno ou nena, o castelo vaise convertendo no escenario onde a imaxinación cobra vida ata materializarse como real. Aproveitando a riqueza e a variedade do patrimonio cultural, tomando conciencia da importancia do pasado para comprender o presente e para espertar o interese polo cultivo do liño.

»Unha sinatura medieval: un signo lapidario

Nivel: 6ª de E. Primario, 1º ESO e 2º ESO.

Obxectivo: Con esta unidade didáctica búscase afondar noutra realidade de San Paio de Narla, pouco coñecida e, por tanto, pouco difundida. Trátase de traballar coa temática dos signos lapidarios que se atopan diseminados por toda a fortaleza medieval e con reminiscencias renacentistas. Recoñeceremos un oficio tradicional como o dos canteiros, buscando a súa propia sostibilidade mediante os recursos da natureza como é a pedra e a súa man de obra, tan descoñecida hoxe en día pola evolución dos tempos. A unidade contempla ser realizada en dúas fases, una teórica e una práctica.

»Os escribáns en San Paio de Narla

Nivel: 4º, 5º e 6º de E. Primario e 1º da ESO.

Obxectivo: Dar a coñecer un estamento moi relevante na Idade Media ao servizo do señorío. Materiais de refugallo servirannos para levar a cabo esta actividade e ao mesmo tempo os nenos/as terano en conta para construír un patrimonio sostible.

»Bargueños: Encaixando a creatividade

Nivel: 4º, 5º, 6º de E. Primario.

Obxectivo: Descubrir una peza do patrimonio nobre. Entender o seu significado dentro dun contexto. Analizar o concepto de contedor de contido, usando material de refugallo coma antano, valorando a sostibilidade dende a perspectiva da economía.

»Ollando a cultura-prismáticos

Nivel: 4º, 5º, 6º de E. Primario, 1º de ESO.

Obxectivo: Analizar a funcionalidade dunha peza que cobra vida fóra da exposición. Aprender e afondar nos diferentes tipos de visión. Teorizar entre o que o ollo ve, percibe e descobre.

»Xogo de verbas

Nivel: 4º, 5º e 6º de E. Primario.

Obxectivo: Aproveitamos a riqueza e a variedade do patrimonio cultural, tomando conciencia da importancia do pasado para comprender o presente, para espertar o interese polo patrimonio material e inmaterial e facer os museos sostibles e comunitarios. Andamos á procura da estimulación e motivación mediante a posta en práctica de interesantes e divertidos xogos.

W	P	C	A	B	A	Y	P	O	R
H	Z	O	P	G	E	P	A	D	O
P	A	N	I	P	H	J	I	P	V
G	P	E	P	A	J	A	R	O	P
U	R	J	U	P	C	P	E	P	I
S	C	O	P	E	P	A	P	U	P
A	D	O	P	S	P	R	A	N	A
N	P	E	I	Q	U	I	R	A	F
O	T	O	R	T	U	G	A	I	E
P	U	L	P	U	P	Ñ	O	P	P

»Á procura do acibeche de San Paio

Nivel: 1º, 2º, 3º e 4º de ESO.

Obxectivo: No plan museolóxico e museográfico de San Paio contémplanse unha serie de vitrinas que recollen unha mostra de acibeches. A intención desta unidade é dar a coñecer aspectos e pezas do museo pouco coñecidas por escapar á visión do espectador. Falarase da tradición do acibeche recorrendo ao espléndido colar de abadesa musealizado *in situ*, e enfocarase a atención na figa pétrea que figura na cheminea renacentista do último andar da torre. Todo isto co expreso desexo de instruír ao alumnado na realidade do acibeche, unha pedra protectora intimamente ligada á nosa cultura.

»Muller na Arte, Arte na Muller

Idades: Desde E. Infantil ata BAC.

Duración: de 45' a 60'.

Limiar: Esta proposta didáctica parte da necesidade de impulsar a asociación dos museos e as institucións educativas para crear estratexias que permitan superar as desigualdades de xénero mediante un achegamento crítico á historia e teorías da arte.

A proposta materialízase nun itinerario integrado por distintas pezas que actualmente se exhiben. Este responde á necesidade de dar unha maior visibilidade ao traballo das mulleres e a súa participación tanto na vida material como significativa ao longo da historia.

Obxectivos: O obxectivo fundamental da proposta é achegar a presenza das mulleres na elaboración de materiais artísticos e destacar a súa presenza significativa nas representación da arte e dos obxectos cotiás, dende unha perspectiva feminista, ao público en xeral e ás persoas mozas que se atopan en período de formación en particular.

Dende a Rede Museística pártese da idea de que a actividade artística é un motor de coñecemento, comunicación, expresión e transformación polo que a través desta actividade ábrese novas vías de reflexión baseadas na participación activa, interrogando criticamente a historia e as teorías da arte, a inclusión da perspectiva de xénero e os principios co-educativos.

No tocante aos obxectivos específicos, tratarase de:

- Analizar as obras desde unha perspectiva feminista.
- Descubrir a existencia de mulleres artistas.

- Relacionar as creacións artísticas coa experiencia persoal das creadoras e dos contextos históricos.
- Fomentar o pensamento crítico.
- Promover a igualdade de dereitos e oportunidades.
- Reforzar os principios de empatía e comprensión dos outrxs, de outras sensibilidades e identidades.
- As mulleres artistas: achegamento á súa biografía e o seu proceso creador.

Descrición da actividade: A orde que se segue para a estruturación do percorrido é o espacial do propio museo. A elección das pezas ou os espazos intenta recoller a diversidade do propio museo.

Metodoloxía: Dado que non se trata dunha actividade concretada para un público específico, o persoal do museo acompañará a visita aportando os coñecementos e reflexións precisas para imaxinar a realidade da muller como artista e como personaxe principal da historia. Ao rematar sería conveniente realizar unha mesa redonda ou un coloquio para pór en común o observado e escoitar as opinións críticas dos visitantes.

Departamento de Didáctica do Museo Fortaleza San Paio de Narla
 (34) 982 37 51 56
sanpaiodenarla@museolugo.org
redemuseisticalugo.org



DEPUTACIÓN
DE LUGO



REDE MUSEÍSTICA
PROVINCIAL DE LUGO

MUSEO FORTALEZA SAN PAIO DE NARLA